

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

18528 Orde DEF/3217/2011, do 18 de novembro, pola que se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

A Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, establece no seu artigo 14 que os militares teñen dereito a se asociar libremente para a consecución de fins lícitos de acordo co previsto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Así mesmo, determina que o exercicio deste dereito, cando teña como fin a defensa dos seus intereses profesionais e os dereitos establecidos na citada Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, se axustará ao disposto no título III, capítulo I desta.

De conformidade co artigo 5.2 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, unha asociación adquire personalidade xurídica e capacidade de obrar no momento de formalización da súa acta fundacional. No caso de que a dita asociación se queira incluír no marco legal delimitado polo título III, capítulo I, da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, deberase inscribir, de conformidade co disposto no artigo 36 da dita lei orgánica, no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, habilitado para o efecto no Ministerio de Defensa.

Por último, a disposición derradeira novena da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, habilita o ministro de Defensa para regular o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

Na súa virtude, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais e réxime xurídico da inscrición

Artigo 1. *Obxecto e ámbito.*

1. Esta orde ten por obxecto regular o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas (en diante, o Rexistro), así como establecer e desenvolver os procedementos de inscrición.

2. No Rexistro só se inscribirán as solicitudes relativas a asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas que teñan como finalidade a promoción e defensa dos intereses profesionais, económicos e sociais dos seus asociados, de conformidade co artigo 33 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e que cumpran os requisitos do artigo 34 da mesma lei.

Artigo 2. *Efectos da inscrición.*

1. As asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas quedarán incluídas no ámbito de aplicación do título III, capítulo I, da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, cando se inscriban no Rexistro.

2. O dereito de inscrición dunha asociación só poderá ser denegado cando esta non cumpra os requisitos xerais previstos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, ou cando non reúna os establecidos no artigo 36.4 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

Artigo 3. Natureza e adscrición do Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

O Rexistro é un órgano administrativo do Ministerio de Defensa adscrito á Secretaría Xeral Técnica do dito departamento. Localizarase en Madrid e terá carácter unitario para todo o territorio nacional.

Artigo 4. Órganos competentes.

1. Corresponde ao ministro de Defensa a resolución dos procedementos relativos aos actos inscribibles regulados nesta orde.
2. Corresponde ao Rexistro a tramitación da solicitude de inicio e a instrución dos procedementos relativos aos actos inscribibles regulados nesta orde.

Artigo 5. Realización da inscrición.

1. Unha vez recibida no Rexistro a solicitude de inscrición e documentación correspondente, xustificarse a súa recepción de conformidade co artigo 70.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Posteriormente, procederase a examinar que a dita solicitude e a súa documentación cumpren cos requisitos establecidos na Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e nesta orde ministerial.
3. Para a verificación do cumprimento dos requisitos mencionados no número anterior, o Rexistro poderá solicitar cantos informes considere precisos e, en todo caso, á Asesoría Xurídica Xeral da Defensa.
4. Unha vez recibida a contestación aos informes que se soliciten, o Rexistro realizará, de ser necesario, o trámite de audiencia, de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
5. Realizado, se for preciso, o trámite de audiencia mencionado no número anterior, o Rexistro elevará proposta de resolución ao ministro de Defensa, de conformidade co artigo 4 desta orde ministerial.
6. O prazo para resolver os procedementos relativos aos actos inscribibles regulados nesta orde será de tres meses contados desde o día seguinte ao da recepción da solicitude correspondente no Rexistro. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase resolución expresa entenderase estimada a solicitude de inscrición.

Artigo 6. Emenda de erros.

1. En caso de que se advirían defectos formais na solicitude de inscrición ou na documentación que se xunte, notificarase esta circunstancia aos representantes da asociación e suspenderase o prazo para resolver sobre a inscrición correspondente. Concederase un novo prazo de vinte días hábiles para emendar os ditos defectos, con indicación de que, se así non o fixesen, se terán por desistidos na súa petición.
2. Cando, no procedemento de inscrición da constitución dunha asociación, federación, confederación ou unión de asociacións, a denominación solicitada coincida con outra inscrita, poida inducir a erro ou confusión con ela, ou cando a dita denominación coincida cunha marca rexistrada notoria, notificarase esta circunstancia aos seus representantes e suspenderase o prazo para resolver sobre a inscrición correspondente. Concederase aos interesados un novo prazo de vinte días hábiles para emendar o dito defecto, con indicación de que, se así non o fixesen, se terán por desistidos na súa petición.
3. De conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, transcorrido o prazo citado nos números anteriores, o órgano competente emitirá resolución mediante a cal se considerará que o solicitante desistiu da inscrición correspondente.

Artigo 7. Réxime de recursos.

1. O acordo do ministro de Defensa que denegue a inscrición do correspondente acto inscribible pon fin á vía administrativa. Contra el caberá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou ou a súa impugnación directa ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo do que dispón o artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, cando se aprecien indicios de ilicitude penal.

CAPÍTULO II

Actos inscribibles e procedementos de inscrición**Artigo 8. Actos inscribibles.**

Poderán ser obxecto de inscrición no Rexistro, de acordo co procedemento xeral de inscrición e o seu correspondente procedemento específico previsto nesta orde ministerial, os seguintes actos:

- a) Constitución da asociación de conformidade coa Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.
- b) Modificacións estatutarias.
- c) Identidade dos titulares dos órganos de goberno e representantes da asociación, designados de acordo co artigo 43 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.
- d) Suspensión, disolución ou baixa da asociación.
- e) Constitución dunha federación, confederación ou unión de asociacións.
- f) Incorporación ou separación dunha asociación a unha federación, confederación ou unión de asociacións ou a organizacións internacionais de carácter profesional.
- g) Declaración responsable sobre o número dos seus asociados de conformidade co artigo 36.7 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.
- h) Designación e baixa de representantes no Consello de Persoal das Forzas Armadas, de conformidade co artigo 47 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

Artigo 9. Constitución da asociación.

1. A solicitude de inscrición realizaraa un dos promotores actuando en nome e representación do resto.

2. A solicitude deberá conter, xunto coa petición que se formula, os seguintes datos:

- a) Identificación do promotor que insta a inscrición, a súa sinatura, cargo que desempeña na asociación ou condición en que actúa e o seu número de identificación fiscal.
- b) Identificación da asociación, a súa denominación e domicilio, que en todo caso se axustará ao previsto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo. Ademais, proporcionarase o nome do dominio ou enderezo da internet que se pretenda utilizar.
- c) Acta fundacional da asociación tanto en soporte físico como electrónico.

3. A acta fundacional será o documento polo cal se formaliza o acordo de constitución da asociación por parte de tres ou máis persoas físicas, de conformidade co artigo 5 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e que lle outorga personalidade xurídica e capacidade de obrar. En todo caso a acta fundacional incluírá a aprobación dos estatutos.

4. O contido da acta fundacional, de acordo co artigo 6 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, será o seguinte:

- a) Relación dos promotores da asociación, que incluírá nome, apelidos, domicilio e número de identificación fiscal.

- b) A vontade dos promotores de constituír unha asociación, os pactos que, se for o caso, establececen e a denominación da asociación.
- c) Os estatutos aprobados, cuxo contido se axustará, polo menos, ao establecido no artigo 37 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.
- d) O lugar e a data do outorgamento da acta e sinatura dos promotores.
- e) Designación dos promotores que provisionalmente representan a asociación. Esta designación producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa inscrición no Rexistro.

5. No caso de que a acta fundacional da asociación e os seus estatutos se axusten aos requisitos exixidos na Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, e na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, o ministro de Defensa acordará a inscrición e entregárase ao solicitante a correspondente notificación da dilixencia que conterá a data de incorporación da documentación ao Rexistro, número de inscrición asignado no Rexistro e sinatura do responsable do Rexistro.

6. No caso de que a acta fundacional da asociación ou os seus estatutos non se axusten aos requisitos exixidos na normativa citada no número anterior deste artigo, o ministro de Defensa denegará a inscrición.

Artigo 10. *Modificacións estatutarias.*

1. O prazo de que dispón unha asociación para presentar no Rexistro a solicitude de inscrición de modificación dos seus estatutos será dun mes desde que adoptasen o dito acordo os órganos competentes da asociación convocados para o efecto. Esta modificación só producirá efectos, tanto para os asociados como para terceiros, a partir do día seguinte ao da súa inscrición no Rexistro.

2. A solicitude de inscrición de modificacións estatutarias deberá conter a identificación do solicitante, o poder con que actúa e a identificación da asociación mediante o número de inscrición no Rexistro. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Acta da reunión dos órganos de goberno e representación da asociación ou certificado expedido pola persoa ou cargo da asociación con facultade para levalo a cabo de acordo cos seus estatutos, que recolla o acordo adoptado polo que se modifican os estatutos, a mención do artigo ou artigos modificados, a forma de deliberar e adoptar o acordo, o quórum de asistencia dos asociados e a data da súa aprobación.

- b) Texto íntegro dos novos estatutos que conteña os artigos modificados, asinado polos representantes da asociación, no cal se faga constar, mediante a oportuna dilixencia inserida ao final do documento, que quedaron redactados coa inclusión das modificacións acordadas polos órganos da asociación competentes ou, se for o caso, de acordo co procedemento establecido nos seus estatutos; deberá constar, en ambos os casos, a data en que se adoptou a modificación.

Artigo 11. *Identidade dos titulares dos órganos de goberno e representantes.*

1. No prazo dun mes desde unha modificación na titularidade dos órganos de goberno ou un cambio dos representantes da asociación, deberase remitir a solicitude de inscrición correspondente ao Rexistro. No caso de que esta solicitude non se faga no prazo sinalado, entenderase que o mandato dos representantes xa inscritos como tales, continúa vixente conforme o disposto no artigo 43 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

2. A solicitude deberá conter a identificación do solicitante, o poder con que actúa e a identificación da asociación mediante o número de inscrición no Rexistro.

3. Coa solicitude xuntárase a acta da reunión en que se acordou a renovación dos órganos de goberno ou o nomeamento de novos representantes, conforme o procedemento estatutariamente establecido ou certificación da dita acta ou dos acordos de que se trate, en que constará a data da súa adopción, e que deberá vir expedida por persoa competente para isto de acordo cos estatutos da asociación.

4. Na solicitude figurarán os seguintes datos:
 - a) Nomes, apelidos, domicilio e números de identificación fiscal dos novos titulares dos órganos de goberno ou dos novos representantes.
 - b) Ámbito de representación e poderes xerais ou especiais outorgados aos representantes.
 - c) Data do nomeamento e, se for o caso, da ratificación e aceptación polos titulares, xunto co período de duración dos cargos, se así se especifica nos seus estatutos.
 - d) Data da revogación e cesamento, se for o caso, dos titulares salientes.
 - e) Sinaturas dos titulares dos órganos de goberno e representantes e, se for o caso, dos titulares salientes.
5. En todo caso, os representantes da asociación deben ser membros de pleno dereito dela, de conformidade co artigo 11.4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo.
6. A inscrición da identidade dos titulares dos órganos de goberno e representantes só producirá efectos, tanto para os asociados como para terceiros, a partir do día seguinte ao da súa inscrición no Rexistro.

Artigo 12. *Suspensión, disolución e baixa dunha asociación.*

1. As asociacións só poderán ser suspendidas nas súas actividades por resolución motivada da autoridade xudicial competente.
2. As asociacións disolveranse polas causas previstas nos estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral convocada para o efecto, polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil e por sentenza xudicial firme.
3. As asociacións causarán baixa no Rexistro por se ter producido a disolución e a liquidación da asociación, por modificación do seu ámbito territorial ou do seu réxime xurídico que a exclúa do ámbito de aplicación do título III da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, por falta prolongada de comunicación de actividade ao Rexistro ou por outro motivo legalmente establecido.
4. No prazo dun mes desde que se produciu a causa que determine a suspensión, a disolución ou a baixa da asociación, deberase dirixir a solicitude de inscrición correspondente ao Rexistro.
5. A dita solicitude deberá conter a identificación do solicitante e poder con que actúa e a identificación da asociación mediante o número de inscrición no Rexistro. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:
 - a) Para a inscrición da suspensión deberase presentar copia da resolución xudicial pola que se establece a suspensión das súas actividades, salvo que conste no Rexistro por ter sido notificada de oficio.
 - b) Para a inscrición da disolución, deberase presentar:
 - 1.º Cesamento dos titulares dos órganos de goberno e representantes, asinados por eles ou as razóns da ausencia da sinatura.
 - 2.º Balance da asociación na data da disolución.
 - 3.º Datos identificativos das persoas encargadas da liquidación coas súas respectivas sinaturas e o documento acreditativo da súa identidade.
 - 4.º Destino do patrimonio da asociación de acordo co establecido nos seus estatutos, que en ningún caso poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da entidade.
 - 5.º Se a disolución tivo lugar por causas previstas nos estatutos, referencia aos artigos en que se recollan as ditas causas e documento acreditativo da data en que se produciron.
 - 6.º Se a disolución ten lugar por sentenza xudicial firme, copia desta salvo que conste no Rexistro por ter sido notificada de oficio.
 - 7.º Se a disolución é por vontade dos asociados, acta da asemblea xeral convocada para o efecto.

c) Para a inscrición da baixa deberase presentar:

1.º Se a baixa se produciu como consecuencia da disolución e liquidación da asociación, documento acreditativo de ter concurrido as circunstancias que deron lugar á disolución da asociación, escrito asinado polos liquidadores en que se faga constar o destino do patrimonio da asociación de acordo co establecido nos seus estatutos, que en ningún caso poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da entidade, sen que existan acredores e solicitude da cancelación dos asentos rexistrados.

2.º Se a baixa se produciu por modificación do ámbito territorial ou do réxime xurídico da asociación que a exclúa do ámbito de aplicación do título III da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, ou por algún outro motivo legalmente establecido, documento acreditativo das causas que motivaron a baixa, data en que se produciron as ditas causas e solicitude da cancelación dos asentos rexistrados.

Artigo 13. Constitución dunha federación, confederación ou unión de asociacións.

1. No prazo dun mes desde que se constituíu unha federación, confederación ou unión de asociacións xa existentes, de conformidade co artigo 34.3 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, deberase dirixir a solicitude de inscrición correspondente ao Rexistro.

2. A dita solicitude deberá conter:

- a) Identificación do solicitante e poder con que actúa.
- b) Identificación das asociacións que se agrupan mediante os números de inscrición no Rexistro.

3. Xunto coa solicitude deberase presentar:

a) Acordo de agrupación ou documento similar que reflecta a vontade dos órganos competentes das asociacións para se agruparen. Deste documento débese desprender para efectos de que interese se asocian.

b) Denominación da federación, confederación ou unión de asociacións e domicilio para efectos de notificacións.

c) Declaración sobre se os estatutos das asociacións que se agrupan están abertos a todas as categorías militares, a oficiais, a suboficiais ou a tropa e mariñeiría ou a varias delas para efectos da posible aplicación das porcentaxes previstas no artigo 48.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

d) Designación por parte dos órganos competentes de cada asociación do representante ou representantes da entidade federativa, así como unha mención ao seu ámbito de representación.

e) Novos estatutos da entidade federativa asinados polos representantes de todas as asociacións fundadoras.

Artigo 14. Incorporación ou separación dunha asociación a unha federación, confederación ou unión de asociacións ou a organizacións internacionais de carácter profesional.

1. No prazo dun mes desde que se produciu a incorporación ou separación dunha asociación xa inscrita a un ente federativo inscrito ou a unha organización internacional, de conformidade co previsto no artigo 34.3 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, deberase dirixir a solicitude de inscrición correspondente ao Rexistro.

2. A solicitude de inscrición de incorporación ou separación a un ente federativo debe conter:

- a) Identificación do solicitante e poder con que actúa.
- b) Identificación da asociación mediante o número de inscrición no Rexistro.
- c) Acta da reunión ou o acordo da entidade federativa, segundo o procedemento que se determinou nos seus estatutos, ou certificado da acta ou do acordo expedido polas persoas ou cargos da entidade federativa con facultade para certificarlos, en que se

resolveu a incorporación ou separación da asociación, na cal deberá constar a data en que se adoptou.

d) Por cada asociación que se incorpore á entidade federativa unha certificación, expedida polas persoas ou cargos con facultade para certificar, do acordo adoptado para a súa integración e a designación da persoa ou persoas que a representen na entidade federativa.

3. A solicitude de inscrición de incorporación ou separación dunha asociación a organizacións internacionais deberá conter:

- a) Identificación do solicitante e poder con que actúa.
- b) Identificación da asociación mediante o número de inscrición no Rexistro.
- c) Acordo de pertenza ou separación á organización internacional ou documento similar, así como as consecuencias xurídicas derivadas do dito acordo.
- d) Acordo dos órganos de goberno da organización internacional de que se trate no cal se deixe constancia da incorporación ou da separación da asociación solicitante.

Artigo 15. Declaración responsable sobre o número de asociados.

1. De conformidade co artigo 36.7 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, na data 31 de decembro de cada ano, as asociacións inscritas no Rexistro emitirán declaración responsable sobre o número dos seus asociados. A declaración será obxecto de inscrición no Rexistro, mediante solicitude realizada para o efecto.

2. A dita declaración realizarase de conformidade co modelo do anexo desta orde ministerial.

3. A asociación inscrita no Rexistro que antes do 31 de xaneiro de cada ano non solicitase a inscrición da declaración responsable contida neste artigo, terá suspendida a súa participación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, regulado no artigo 47 Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, ata que se efectúe a dita inscrición.

Artigo 16. Designación e baixa de representantes das asociacións no Consello de Persoal das Forzas Armadas.

1. No prazo dun mes desde a designación por parte dunha asociación dos seus representantes no Consello de Persoal das Forzas Armadas, de acordo co artigo 48.1 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, deberá remitir solicitude de inscrición correspondente ao Rexistro. En caso de que esta solicitude de inscrición non se faga no prazo sinalado, a asociación terá suspendida a súa participación no Consello de Persoal das Forzas Armadas ata que se efectúe a dita inscrición.

2. Así mesmo, no prazo dun mes desde que se produza a baixa dos representantes da asociación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, deberase remitir solicitude da inscrición correspondente ao Rexistro, no caso de que a dita solicitude non se reciba entenderase que a asociación non modifica os seus representantes. Esta baixa poderase remitir na mesma solicitude que a regulada no número anterior.

3. A solicitude de inscrición da designación de representantes da asociación no Consello de Persoal das Forzas Armadas deberá conter a identificación do solicitante e poder con que actúa e a identificación da asociación mediante o número de inscrición no Rexistro.

Coa solicitude xuntarase a acta da reunión en que se acordou a designación dos representantes, conforme o procedemento estatutariamente establecido, ou certificación da dita acta ou do acordo de que se trate, en que constará a data da súa adopción, e que deberá vir expedida por persoa competente para isto de acordo cos estatutos da asociación. No acordo deberá figurar expresamente que o ámbito de representación outorgado se estende a formar parte do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na solicitude figurarán os seguintes datos:

a) Nomes, apelidos, domicilio e número de identificación fiscal dos representantes da asociación no Consello de Persoal das Forzas Armadas.

b) A data do nomeamento e, se for o caso, da ratificación e aceptación polos representantes.

c) A sinatura dos representantes designados.

4. A solicitude de inscrición de baixa dos representantes da asociación no Consello de Persoal das Forzas Armadas deberá conter a información prevista no número anterior, adaptada á situación de baixa.

5. Os cambios na representación da asociación no Consello de Persoal das Forzas Armadas só producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa inscrición no Rexistro.

6. Antes de proceder a inscribir a designación dos representantes da asociación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, o Rexistro asegurarse de que se cumpre o réxime de incompatibilidades que regulamentariamente se estableza.

CAPÍTULO III

Estrutura e funcionamento do Rexistro

Artigo 17. *Acceso ao Rexistro.*

As solicitudes que se dirixan ao Rexistro poderanse presentar ante as oficinas e rexistros a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e utilizando medios electrónicos de acordo co artigo 6.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e coa Orde DEF/1766/2010, do 24 de xuño, pola que se crea a sede electrónica central do Ministerio de Defensa.

Artigo 18. *Follas rexistrais.*

1. O Rexistro practicará as inscricións correspondentes ás asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas en follas rexistrais que conteñan unidades independentes de arquivo e se compoñan dos espazos necesarios para a práctica dos asentos preceptivos.

2. Cada asociación terá un número de identificación independente e único que se lle outorgará no momento da inscrición no Rexistro e que a diferenciará do resto.

3. As follas rexistrais elaboraranse a través de aplicacións informáticas que conterán, polo menos, os seguintes puntos onde se practicarán as anotacións pertinentes:

- a) Denominación da asociación, federación, confederación ou unión de asociacións.
- b) Domicilio social.
- c) Data de constitución e da inscrición da entidade.
- d) Número de inscrición no Rexistro.
- e) Fins e actividades estatutarias reflectidas de forma extractada, de conformidade co artigo 33 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.
- f) Grupo ou conxunto de militares que se poden asociar.
- g) Forma de deliberar e toma de acordos.
- h) Identidade dos titulares dos órganos de goberno e representantes, o seu ámbito de representación, así como das persoas ou cargos con facultades para certificar os acordos sociais.
- i) Identidade, se for o caso, de representantes da asociación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, así como a duración do seu mandato.
- j) Número de asociados segundo declaración responsable.
- k) Pertenza da asociación a unha federación, confederación ou unión de asociacións, e a referencia ao seu correspondente número de inscrición rexistral.
- l) Pertenza da asociación a unha organización internacional do seu mesmo carácter.
- m) Suspensión, disolución ou baixa de asociacións, as súas causas, a autoridade xudicial que o acordou, se for o caso, e os liquidadores designados para o suposto de disolución.
- n) Peche provisional ou definitivo da folla, a data e a súa causa.

ñ) Resolucións administrativas que afecten a asociación, resumo do seu contido e a súa data.

o) Outras anotacións marxinais.

4. Xunto con estes elementos o Rexistro levará un expediente ou protocolo, en soporte físico ou electrónico, por cada unha das asociacións coa seguinte documentación:

a) Acta fundacional.

b) Estatutos e as súas modificacións, coas correspondentes certificacións de acordos de modificación.

c) Certificacións que recollan os acordos dos órganos de goberno e representación sobre a agrupación de asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas entre si ou a súa pertenza a organizacións internacionais do seu mesmo carácter, cos números de inscrición, neste último caso, nos rexistros correspondentes.

d) Certificacións de acordos de nomeamento de órganos de goberno e representación.

e) Declaracións responsables sobre número de asociados.

f) Certificacións de acordos de nomeamento de representantes no Consello de Persoal das Forzas Armadas.

g) Certificacións relativas á disolución da asociación, a causa que a produce, o cesamento dos titulares dos órganos de goberno e representación, as persoas encargadas da liquidación cos seus datos de identificación, o balance da entidade na data da disolución e o destino do patrimonio resultante da liquidación.

5. As follas rexistras e os seus asentos axustaranse, en todo caso, aos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

6. Os datos das follas rexistras sinalados no número 3 deste artigo incorporaranse a unha base de datos dependente do Ministerio de Defensa.

Artigo 19. *Anotacións provisionais.*

1. Cando haxa que efectuar anotacións provisionais como consecuencia de circunstancias pendentes de resolución, faranse constar os datos de referencia dos asuntos e dilixencias que se substancien, así como o carácter meramente informativo da anotación.

2. A anotación será cancelada unha vez que se inscriban no Rexistro os datos que sexan consecuencia da resolución firme.

Artigo 20. *Ficheiro de denominacións.*

O Rexistro levará un ficheiro de arquivo e publicidade das denominacións das asociacións, no cal se irán incorporando os nomes das asociacións inscritas polo dito rexistro.

Artigo 21. *Publicidade.*

1. Os datos contidos no Rexistro serán de acceso público, nos termos e coas limitacións previstas nos artigos 35.h) e 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e de conformidade co estipulado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. O dito acceso público farase efectivo mediante certificación do contido dos asentos, por nota simple informativa ou por copia dos asentos e dos documentos depositados nel ou por medios informáticos ou telemáticos que, en todo caso, se axustarán aos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3. Tanto as certificacións, como a nota simple informativa ou a copia dos asentos serán emitidas polo Rexistro por solicitude do interesado nun prazo dun mes desde a recepción desta.

Artigo 22. *Certificacións.*

1. A certificación será o medio de acreditar fidedignamente o contido dos asentos e dos documentos depositados no Rexistro. En ningún caso se poderán expedir certificados sobre os datos de inscrición de asociacións inscritas noutros rexistros de asociacións.

2. As certificacións poderanse solicitar por calquera medio que permita a constancia da solicitude realizada, dirixida ao Rexistro.

Artigo 23. *Notas simples informativas ou copias dos asentos.*

1. A nota simple informativa ou copia dos asentos constituirá un mero traslado dos asentos e datos en que se estrutura o Rexistro, expediraa o citado rexistro con indicación do número de follas e da data en que se expiden, e levará o seu selo.

2. As notas simples informativas poderanse expedir a través de sistemas de telecomunicación informáticos.

Artigo 24. *Consulta de ficheiro de denominacións.*

Por instancia dun interesado, o Rexistro expedirá certificados que expresen se se encontra inscrita unha asociación coa denominación que se solicita.

Artigo 25. *Falta prolongada de comunicación ao Rexistro.*

1. En caso de que os representantes das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas non dirixan ao Rexistro solicitudes de inscrición das recollidas no artigo 8 desta orde ministerial ou similares, no prazo de 8 anos, e de acordo co establecido no artigo 12.3, o Rexistro poderá de oficio acordar a anotación provisional de baixa das follas rexistradas da asociación correspondente.

2. O Rexistro poderá elevar a anotación provisional de baixa a definitiva, tras realizar a oportuna comunicación á asociación correspondente sen obter contestación para o efecto no prazo de tres meses.

Disposición adicional primeira. *Aplicación informática e base de datos.*

A Secretaría de Estado de Defensa tomará as medidas necesarias para deseñar e implantar a aplicación informática e a base de datos precisa para a posta en funcionamento do Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

Disposición adicional segunda. *Comunicación ao Rexistro Nacional de Asociacións.*

De conformidade co disposto no artigo 25.2 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas comunicará ao Rexistro Nacional de Asociacións, ao finalizar cada ano natural, os asentos de inscrición e disolución de asociacións inscritas naquel rexistro.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

A aprobación desta orde ministerial non suporá incremento de gasto público.

Disposición transitoria primeira. *Asociacións inscritas noutros rexistros.*

1. As asociacións de membros das Forzas Armadas que na data de entrada en vigor desta orde ministerial se encontren inscritas no Rexistro Nacional de Asociacións poderanse inscribir no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas ao abeiro do disposto no título III, capítulo I, da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

2. Para os efectos do disposto no artigo 8.a) desta disposición, deberán presentar a seguinte documentación:

a) Certificación do Rexistro Nacional de Asociacións que acredite a inscrición da asociación no dito rexistro.

b) Solicitud instada polo representante legal acreditado da asociación, en que se sinala a identificación exacta da asociación, a súa denominación e domicilio. Ademais, proporcionarase o nome do dominio ou enderezo da internet que, se for o caso, se utilice.

c) Acta fundacional e estatutos da asociación adaptados ás previsións contidas na Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

3. A inscrición destas asociacións seguirá os mesmos trámites que os sinalados no artigo 9 desta orde ministerial.

Disposición transitoria segunda. *Primeira declaración responsable sobre o número de asociados.*

Para efectos do establecido no artigo 15.3 desta orde ministerial, a presentación da solicitud de inscrición da primeira declaración responsable sobre o número de asociados que poida dar acceso á sesión constitutiva do Consello de Persoal das Forzas Armadas adaptarase ao calendario de constitución do citado consello que regulamentariamente se prevexa, de conformidade coa disposición derradeira décima da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes de membros das Forzas Armadas.

Disposición derradeira primeira. *Réxime de supletoriedade.*

Será de aplicación supletoria, en todas as cuestións non reguladas por esta orde ministerial, o Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

Facúltase o subsecretario de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde ministerial.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor aos quince días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 18 de novembro de 2011.–A ministra de Defensa, Carme Chacón Piqueras.

ANEXO

Declaración responsable sobre o número de asociados realizada de conformidade co artigo 36.7 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas

D....., maior de idade, con domicilio para efectos de notificacións en, número, da cidade de, con documento nacional de identidade número....., actuando como representante legal da asociación profesional de membros das Forzas Armadas, con número de inscrición no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, para efectos do previsto no artigo 36.7 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes de membros das Forzas Armadas e tendo en conta o disposto no

artigo 15 da Orde ministerial pola que se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas

DECLARO:

Que na data, o número de asociados, que cumpren os requisitos sinalados no artigo 34.1 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de cada unha das seguintes categorías militares de conformidade co artigo 36.7 da citada Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, é:

| Asociación | Categoría militar | Número de asociados |
|------------|--------------------|---------------------|
| | Oficiais | |
| | Suboficiais | |
| | Tropa e mariñeiría | |
| Total | | |

Esta declaración responsable realízase de conformidade e cos efectos do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En, o de de

Asdo.